



BOP

SÁBADO, 14 DE OUTUBRO DE 2017 N.º 236

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES DE PROCESO PARA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVICIOS E UN OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS) AO ABEIRO DO "PROGRAMA DEPUEMPREGO" NO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.

O Concello de Baleira, aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local do 05 de outubro de 2017, as seguintes bases para a selección de dous peóns de obras e servicios e un operario de maquinaria e conductor de vehículos, en rexime de persoal laboral temporal no marco do programa Depuemprego, incluído no Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos do 2017 mediante o sistema de concurso-oposición.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVICIOS E UN OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS DO CONCELLO DE BALEIRA) AO ABEIRO DO "PROGRAMA DEPUEMPREGO" NO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a convocatoria e regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVICIOS E UN OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS a xornada completa e en réxime de persoal laboral temporal para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego", incluído no Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos do 2017.

O convenio ten por obxecto a axuda e colaboración da Deputación co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración se materializa a través da achega económica da Excm. Deputación Provincial de Lugo para financiar este Programa en importe 48.100,00€ equivalente ós custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos.

Considérase que as tarefas a realizar polos traballadores/as a contratar se encadran dentro das competencias máis esenciais que segundo normativa vixente lle corresponden a este Concello, considerándose de carácter urxente e inaprazable, e que polos escasos medios materiais e persoais deste concello non sería posible prestar sen a contratación do mencionado persoal.

1.2. Normas de aplicación: O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos/as aspirantes será o de concurso-oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no taboleiro de anuncios do concello de Baleira, na páxina web do concello (www.concellobaleira.es) e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO. O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada e a xornada completa, cunha duración de oito meses para os postos de peón de obras e servizos e de dez meses para operario de maquinaria e condutor de vehículos na modalidade de obra ou servizo determinado (Actuacións Programa Depuemprego) segundo o previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

3. FUNCÍONS. As tarefas a desenvolver polos/as traballadores/as contratados/as serán as propias dos seus postos de peóns e operario de maquinaria e condutor de vehículos e estarán referidas a actuacións urxentes e inaprazables que contribúan a mellorar a prestación dos servizos básicos como son a limpeza e mantemento do viario, recollida de residuos, acceso a núcleos de poboación, abastecemento de auga potable a domicilio etc...

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES. Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se requiren titulacións específicas.

f) Para o posto de operario de maquinaria e condutor de vehículos estar en posesión do permiso de conducir tipo C ou superior .

5. SOLICITUDES 5.1. As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase ao Sr. Alcalde do concello de Baleira no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente vixentes.

b) Declaración responsable, asinado polo ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Documentos xustificativos dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso segundo o establecido na base 8ª. Aos efectos de acreditar a pertenza a algún dos colectivos con dificultades de integración laboral se presentará:

• Certificación, de ser o caso, actual expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.

• Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.

• Der o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar. 2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero. 3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia. 4. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición. 5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición. 6. Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social. 7. Calquera outras dispostas regulamentariamente.

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

As instancias poderanse remitir por calquera das formas determinadas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Infórmase que a sede electrónica do concello de Baleira está en construción polo que non está operativa para este procedemento.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicárase no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na páxina web do Concello www.concellobaleira.es, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de 3 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento. Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN. O tribunal estará constituído por funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

O Tribunal será nomeado mediante Resolución de Alcaldía que se publicará xunto coa relación provisional ou, de sé-lo caso, definitiva no caso de que tódalas solicitudes fosen admitidas.

O tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: a da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando con corran neles algunha das circunstancias previstas na presente bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus

membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, realizándose en primeiro lugar a fase de oposición e posteriormente a de concurso. Tan só se valorarán os méritos dos/as aspirantes que superen a fase de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

8.1. FASE: OPOSICION (DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO) (máximo 10 puntos). Os aspirantes serán convocados provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos. Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Para o posto de operario de maquinaria e conductor de vehículos farase ademais unha proba práctica que consistirá na condución de determinadas máquinas do Concello que este traballador utilizará no desempeño do seu posto de traballo (pala retroexcavadora e camión con caixa basculante). Esta proba terá unha duración de 20 minutos e puntuarase cun máximo de 4 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 2,00 puntos.

O lugar, data e hora da proba publicaráse no taboleiro de edictos do concello e na páxina web xunto coa composición do tribunal.

8.2 FASE: CONCURSO DE MÉRITOS (NON ELIMINATORIO): A puntuación máxima total do concurso establécese en 6,5 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos/as aspirantes na documentación aportada coa instancia de solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional. Máximo 4,50 puntos. -

Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10 puntos.

Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05 puntos.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes prorrataranse proporcionalmente e consideraranse os meses de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial. Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo (ou certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública e que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado) e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os servizos prestados que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

b) Formación profesional: Máximo 0,50 puntos.

Valoraránse os cursos de formación e perfeccionamiento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado, acreditados con certificación ou diploma, coa seguinte puntuación:

.Ata 20 horas de duración: 0,10 puntos.

. De 21 ou máis horas de duración: 0,20 puntos.

c) Colectivos con dificultades de integración laboral. Se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

-mulleres: 0,25 puntos.

-maiores de 45 anos: 0,25 puntos.

-parados de longa duración: 0,25 puntos. Considérase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.

-persoas con discapacidade: 0,25 puntos.

-persoas vítimas de violencia de xénero: 0,25 puntos.

- outros recollidos na normativa sectorial vixente a xuízo do tribunal: 0,25 puntos.

9. RELACIÓN DE APROBADOS. O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, de persistir o empate, pola puntuación obtida no apartado de experiencia profesional. Se aún así persistise, segundo puntuación obtida no apartado de colectivos desfavorecidos. Finalmente de persistir resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS. Os/as candidatos/as propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. O certificado non poderá ter unha antigüidade superior ós tres meses.

2) Se foi seleccionado para o posto de peón conductor copia compulsada do carnet de conducir C en vigor ou superior.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO. Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa. Tendo en conta o disposto no Plan Provincial Unico de Cooperación cos Concellos do 2017 que financia o programa o prazo de execución dos traballos terá como data límite o 31 de outubro do 2018 .

12.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproba a convocatoria e as presentes bases , definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou ben interpor recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

ANEXO I.-TEMARIO

O temario é o mesmo para os postos de peóns e o de operario de maquinaria e conductor de vehículo:

Tema 1.- Concello de Baleira: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2.- Materiais e ferramentas empregadas na construción.

Tema 3.- Nocións básicas sobre traballos de limpeza e mantemento de vías públicas.

Tema 4.- Prevención de riscos laborais. Nocións básicas para o desenvolvemento das tarefas propias de peón/peón conductor.

ANEXO I I a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE **PEÓNS DE OBRAS E SERVICIOS** POR UN PERÍODO DE OITO MESES MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº.....
con enderezo na R/.....nº.....piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

-Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e páxina web e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

. DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes.

.Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.

....., de.....de 2017

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

Os datos facilitados serán tratados no ficheiro de Recursos Humanos inscrito na Axencia de Protección de Datos a nome deste Concello de Baleira . Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Avda Doctor Escobar s/n, O Cádavo, Baleira

ANEXO I I b).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DE UN POSTO DE TRABALLO DE **OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS** POR UN PERÍODO DE DEZ MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

D/a.....provisto/a de D.N.I. nº..... con
endereço na R/.....nº.....piso.....

C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

-Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e páxina web e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

. DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes

. Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.

. Carné de conducir tipo C ou superior.

....., de.....de 2017

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

Os datos facilitados serán tratados no ficheiro de Recursos Humanos inscrito na Axencia de Protección de Datos a nome deste Concello de Baleira . Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Avda Doctor Escobar s/n, O Cádavo, Baleira

Baleira, 9 de outubro de 2017.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2999

BARALLA

Anuncio

Con data 27 de Setembro do presente, aprobouse provisionalmente polo Pleno da Corporación a modificación da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Baralla.

Expónse ao público na Secretaría do concello, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, podendo os interesados examinar dito expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Baralla, 28 de Setembro de 2017.- O ALCALDE ACCTAL, Manuel Rodríguez Vilela.

R. 2923

BURELA

Anuncio

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 4 de outubro de 2017 a establecemento, a fixación e o padrón fiscal por aplicación do PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, correspondente ao CURSO 2017-2018, polo importe de 6 euros mensuais de cota por cada unha das actividades impartidas, e pola contía total de cotas municipais de:

Clases de Tenis (12 alumnos).....	576,00 €
Clases de Tenis de mesa (3 alumnos).....	144,00 €
Clases de Patinaxe artístico (43 alumnos).....	2.064,00 €
Clases de Patinaxe lúdico (38 alumnos)	1.824,00 €
Clases de Zumba (46 alumnos).....	2.208,00 €

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 4 de outubro de 2017.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2969

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de outubro de 2017, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Cuarto Bimestre do exercicio 2017, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de novembro ata o día 31 de decembro de 2017.-

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela 4 de outubro de 2017.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA

R. 2974

CERVO

Anuncio

Visto o procedemento tramitado para a modificación das bases reguladoras para a concesión de axudas para o transporte escolar de alumnas/os do Concello de Cervo que cursan estudos fora do termo municipal (axudas para a escolarización curso 2016/2017), procede remitir ó B.O.P., con carácter de urxente, o contido da modificación das bases reguladoras aos efectos de outorgarlle publicidade.

A contía das axudas para transporte escolar pasarán de 200€ a 250€, polo que a contía da axuda quedará fixada de acordo co seguinte baremo:

Renda per cápita familiar		Contía da axuda
Igual ou inferior ao 150 % do IPREM	Ata 9.681,05 € anuais	250 €

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes vinte días dende a publicación da modificación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, a 5 de outubro de 2017.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2967

FRIOL

Anuncio

Segundo acordo da Xunta de Goberno, anúnciase convocatoria pública, en orde á adxudicación do espazo vacante, nave número 2, para viveiro de empresas, na nave de usos múltiples do Parque Empresarial. Elo, de conformidade co disposto nas ordenanzas, aprobadas polo Pleno do Concello, na sesión do trece de marzo do actual. Unha vez tramitadas as mesmas, de conformidade co disposto na lexislación vixente o acordó de aprobación e o texto dos mesmos publicouse no BOP núm 117 de 24 de maio do actual.

Resultando que a ordenanza reguladora e a fiscal, están en trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 67, de 22 de marzo, de conformidade co disposto no art. 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, a eficacia da convocatoria queda supeditada ao transcurso do prazo de exposición pública das ordenanzas, así como da publicación do acordo definitivo e do seu texto, en orde á súa entrada en vigor.

1.- ENTIDADE ADXUDICATARIA.- Concello de Friol. Dependencia: Secretaría-Intervención

2.- OBXECTO, BENEFICIARIOS E DURACIÓN.-

a) Obxecto: adxudicación dun espazo do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución. Trátase dunha nave industrial para utilización como viveiro de empresas, coa seguinte superficie:

.Nave 2: 354,50 m² construídos, superficie útil 330 m², distribuídos en 262,23 m² de planta baixa e 68,35 m² de planta alta.

·As superficies comúns son as correspondentes a parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m²

b) Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios/as os/as emprendedores/as, ben autónomos/as ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

·Empresas que aínda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses.

·Empresas constituídas en menos de 6 meses dende a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de inicio a data que figura no modelo

037 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Deberán ter enderezo social e fiscal no Concello de Friol.

A solicitude, farase segundo o modelo normalizado, que se publica no Anexo. Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios partícipes ou integrantes:

-Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver, que avale a súa viabilidade económica e técnica, debendo desenvolver unha actividade de carácter industrial, compatible coas características do espazo físico do viveiro e as ordenanzas reguladoras do parque empresarial.

- Fotocopia do DNI

- Currículum vitae

- Vida laboral.

- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor/a, que será que o que asuma fronte ao Concello o réxime de dereitos e obrigas. No entanto o emprendedor/a poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser

perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

Os/as interesados/as poderán engadir, achegar ou cumprimentar calquera documento, plano, bosquejo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

Os/as solicitantes ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial que comprenderá polo menos os contidos do plan de empresa. Ademais, nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles. En caso de non estar dispoñibles os sinalados en primeiro lugar polas empresas seleccionadas, poñeranse a disposición do/a adxudicatario/a as restantes, ás que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante.

No caso de empresas que non comezasen a súa actividade, a data prevista de inicio non poderá superar 3 meses desde a data de notificación da adxudicación da nave, excepto nos casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes. En ningún caso se tramitarán as solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado. Con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo, sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, poderase requirir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c)Duración: O prazo máximo do contrato será de 12 meses prorrogables por outros 12, despois de un acordo por escrito, formalizándose as ampliacións do período de estancia, mediante anexo ao contrato subscrito inicialmente.

Non obstante o disposto, co fin de apoiar a aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse o prazo, ata un máximo ata o máximo de un ano mais, sempre que non exista lista de espera, previa solicitude e formalización do/a interesado/a, que formulará cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo inicialmente establecido. Será obxecto de estudio polo órgano de selección, logo dos informes que estime pertinentes elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal, ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos, incluída a prórroga.

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

a)Tramitación: Ordinaria.

b)Procedemento: Aberto con varios criterios, de conformidade coa cláusula 11 da ordenanza reguladora:

-Viabilidade técnica e económica da actividade: 5 puntos.

-Nivel de creación de emprego: 1 punto por contrato, ata un máximo de 5 puntos.

-Empresa nova: 3 puntos.

-Empresa recente: Ata tres meses 2 puntos; a partires de 3 e ata 6 meses 1,5 puntos.

-Promotores veciños de Friol 2 puntos, de concellos limítrofes 1 punto.

-Promotores en situación de desemprego: 1 punto.

-Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos e colectivos en exclusión social: 1 punto.

As solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen seleccionadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se aplicarán no caso de vacantes. A lista de espera terá validez por

24 meses.

4.- PREZO A SATISFACER.-As tarifas ás que se refire o artigo anterior estruturáanse do seixo seguinte:

·Para o caso de utilización e aproveitamento dos locais do viveiro municipal, as empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon a súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidas na normativa reguladora do viveiro, o importe será o resultante de aplicar a conta de 0.4€/m² útiles por cada mes.

·En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o

Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratearase o importe da mensualidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais. Todo elo, sen prexuízo do pago pola súa conta dos recibos correspondentes de auga, lixo, saneamento, enerxía eléctrica etc. e calquera outro gasto de funcionamento.

5.- GARANTÍAS.-Unha vez notificada a adxudicación do espazo a un proxecto empresarial, o/a adxudicatario/a realizará as xestións pertinentes en orde á obtención de licenza ou comunicación previa e subscribirá un contrato, que conterá os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá o establecido nesta ordenanza.

O prazo máximo para a sinatura do contrato, será de quince días desde a obtención da licenza, ou comunicación previa, debendo presentar a garantía e realizarse a ocupación do local adxudicado no prazo máximo de un mes, dese a sinatura do contrato. Dende o momento da ocupación, nacerá a obriga do pago do prezo público.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensuralidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A súa devolución, realizarase no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

a) Data límite: 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 9 a 15 horas.

b) Documentación: A esixida na ordenanza reguladora.

c) Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

7.- APERTURA DE SOLICITUDES.- Segundo o disposto, ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, compételle a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cantos informes considere necesarios. A Alcaldía publicará a designación nominal na web do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.

8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

a) Concello de Friol.- Praza de España, 4. Código Postal 27220

b) Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206

c) Páxina web: www.concellodefriol.es.

d) En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas reguladora e fiscal, aprobadas polo Pleno do Concello, así como á lexislación vixente ao respecto.

ANEXO.-MODELO DE SOLICITUDE

D. _____, con DNI n.º _____, con enderezo a efectos de notificacións en _____, n.º _____, correo electrónico _____ en nome propio/ en representación de _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello, para a súa utilización na actividade de _____.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal d o seguinte espazos.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

TERCEIRO.- Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incurso en prohibición ou compatibilidade para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CUARTO.- Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.
- Copia do DNI
- Curriculum vitae e vida laboral
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Proxecto empresarial da actividade a realizar.

- QUINTO.- Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

-SÉXTO.- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

-SÉTIMO.-Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

Polo tanto SOLICITO ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En....., a.....de..... de 20.....

Sinatura do declarante,

Friol, 26 de setembro de 2017.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2924

Anuncio

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 28 de setembro de 2017, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 4/2017, (primeiro de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00.-), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para investimentos financeiramente sostibles e outras necesidades.

Modificouse o Anexo que contén a relación de subvencións nominativas da vixente Base 13ª das Bases de Execución do Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 02 de outubro de 2017.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2925

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 27 de setembro faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, de 3 auxiliares de axuda a domicilio

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 29 de setembro de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 2926

PORTOMARÍN

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº4/2017.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos nº4/2017 dentro do vixente orzamento municipal, en cumprimento do disposto no art. 177 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación. De non presentarse estas, considérase definitivamente aprobado o expediente

Portomarín, 13 de outubro de 2017.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 3008

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos para o exercicio 2017 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 02 de outubro de 2017, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos, para o exercicio 2017, polo importe de doce mil cento noventa e catro con cincuenta euros (12.194,50 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 20 de outubro de 2017 e o 19 de decembro de 2017, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 2 de outubro de 2017.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia

R. 2928

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2017, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun oficial de 1ª tractorista e dous peóns especialistas forestais, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Depuemprego".

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comezando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

En Ribeira de Piquín, a 06 de outubro de 2017.- Roberto Fernández Rico, Alcalde-presidente.

R. 2968

SARRIA

Anuncio

De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 24 de Maio do 2.017, a medio do presente anuncio efectúase a convocatoria da licitación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, cun único criterio de adxudicación (Mellor Prezo) do " CONTRATO DE SERVICIOS DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS VOLUMINOS PROCEDENTES DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SARRIA (LUGO) E POSTERIOR ENTREGA A CENTRO XESTOR AUTORIZADO" conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Concello de Sarria

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaria

c) Obtención de documentación e información:

1. Dependencia: Contratación
2. Domicilio: Rúa Maior, 14
3. Localidade e Código Postal. 27.600-SARRIA
4. Teléfono 982-53.50.00
5. Telefax 982-53.09.16
6. Correo electrónico: contratacion@sarria.es
7. Dirección de internet do Perfil de Contratante: [www. contratosdeg Galicia.es/](http://www.contratosdeg Galicia.es/) ou www.sarria.es
8. Data límite de obtención de documentación e información: Ata o último día de presentación de proposicións.

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: "SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS VOLUMINOS PROCEDENTES DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SARRIA (LUGO) E POSTERIOR ENTREGA A CENTRO XESTOR AUTORIZADO"
- b) CODIGO CPV: 90512000-9 Servicios de transporte de desperdicios
- c) División por lotes e número de lotes/unidades: NON
- d) Lugar de execución: Concello de Sarria
- e)
- f) Duración do contrato: DOUS (2) ANOS prorrogables por dous anos mais.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto
- c) Criterios de Adxudicación: Os fixados no apartado 14.1 do prego de cláusulas: Oferta económica :ata 100 puntos, puntuándose as ofertas conforme á fórmula prevista en dito apartado do prego de cláusulas.

4.- O orzamento tipo de licitación: 230 €/viaxe sen incluír o IVE.

5. Garantía esixidas. Definitiva 5% do importe de adxudicación calculado conforme ao previsto no apartado 10.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

6. Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación: Non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: Acreditaranse conforme ao estipulado nos apartados 5.2 e 5.3 do prego de cláusulas.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- a) Presentación de proposicións : No prazo de QUINCE (15 DIAS) naturais contados a partires do seguinte á publicación no BOP de Lugo .
- b) Lugar de presentación:

1. Dependencia: No Rexistro Xeral do Concello de Sarria de 9 a 14 horas.
2. Domicilio: Rúa Maior, 14 1ª planta.
3. Localidade e Código Postal: 27.600

c) Admisión de variantes: Non

8. Apertura de documentación administrativa e proposicións económicas: Será comunicada a traveso do perfil do contratante.

9. Gastos de Publicidade: Gastos publicación BOP por importe de 60,58 Euros .

En Sarria, 23 de xuño de 2017.- A Alcaldesa-Presidenta,

TRABADA

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 03/10/2017 , por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento Aberto, mediante tramitación Urgente, para a adxudicación de SUBMINISTRO DE VEHICULO TRACTOR E DESBROZADORAS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABROACION SUSCRITO ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TRABADA PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUCTURAS RURAIS, DETERMINADAS FINCAS E REDES SECUNDARIAS DE FAIXA DE XESTION DE BIOMASA, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adjudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Trabada.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaria
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Secretaria
 - 2) Domicilio: Rúa do Concello, 15.
 - 3) Localidade e código postal: Trabada, 27765.
 - 4) Teléfono: 982135011.
 - 5) Telefax: 982135257.
 - 6) Correo electrónico: concello@trabada.es
 - 7) Dirección de Internet do perfil do contratante.: www.trabada.sedelectronica.gal
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información: o anterior ao vencimento do prazo de presentación de proposicións.
- d) Número de expediente: 140/2017.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: Subministracións.
- b) Descrición. SUBMINISTRO DE VEHICULO TRACTOR E DESBROZADORAS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABROACION SUSCRITO ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TRABADA PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUCTURAS RURAIS, DETERMINADAS FINCAS E REDES SECUNDARIAS DE FAIXA DE XESTION DE BIOMASA.
- c) División por lotes e número de lotes/número de unidades. Non
- d) Lugar de execución/entrega:
 - 1) Domicilio. Concello de Trabada, Rúa do Concello 15,
 - 2) Localidade e código postal. Trabada , 27765 , Lugo
- e) Prazo de execución/entrega: Antes do 1 de decembro de 2017,
- f) Admisión de prórroga. NON
- g) Establecemento dun acordo marco (no seu caso). NON
- h) Sistema dinámico de adquisición (no seu caso). NON
- i) CPV (Referencia de Nomenclatura) : CPV 16700000-2 e 16600000-1

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Urgente.
- b) Procedemento : Aberto.
- c) Poxa electrónica. NON
- d) Criterios de adxudicación.

16.1. Enumeración dos criterios non evaluables mediante fórmulas

Os criterios non evaluables mediante fórmulas valoraránse cun máximo de **45 puntos**, de conformidade cos seguintes criterios:

16.1.1. Mellora nas características técnicas da maquinaria sobre as mínimas contidas nas s Prescripciones Técnicas **ata un máximo de 35 puntos.**

Para a determinación de ditas melloras nas características técnicas se incorpora como anexo I aos pregos de cláusulas administrativas particulares, anexo no que se indican qué melloras específicas no subministro se van a ofertar para a súa valoración, debendo os licitadores marcar aquelas que presenten. 16.1.2. Outras melloras xustificadas tecnicamente sobre as características técnicas do Prego non engadidas no apartado anterior e valoradas economicamente **ata un máximo de 5 puntos**. 16.1.3. Mellora en asistencia técnica pos-venta **ata un máximo de 5 puntos**.

16.2. Enumeración dos criterios evaluables mediante fórmulas evaluables automaticamente (SOBRE B)

Os criterios evaluables mediante fórmulas se valorarán cun máximo de **55 puntos**, de conformidade cos seguintes criterios:

16.2.1.) Ampliación do prazo de garantía, ata un máximo de 45 puntos

16.2.2.) Baixa sobre o tipo de licitación, ata un máximo de 10 puntos.

4. Valor estimado do contrato: 108.900 €.

5. Orzamento base de licitación.

a) Importe neto: 90.000 €.

b) Importe total: 108.900 €.

6. Garantías esixidas.

DEFINITIVA, 5%.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 8 DIAS HÁBILES seguintes inserción anuncio BOP.

b) Modalidade de presentación:

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia. Concello de Trabada

2. Domicilio. Rúa do Concello 15

3. Localidade e código postal. Trabada, Lugo 27765

4. Dirección electrónica: <http://trabada.sedelectronica.gal>

d) Admisión de variantes, se procede: Non.

8. Apertura de ofertas:

a) Descrición. Segundo día hábil seguinte fin proposicións, 10 horas.

b) Dirección. Casa Consistorial.

10. Gastos de Publicidade: ata 600 euros.

En Trabada, a 03 de outubro de 2017.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2970

MANCOMUNIDADE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCES

Anuncio

Por acordo plenario da Mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño Francés de data 21 de setembro de 2017, foron aprobadas as bases para a contratación **COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR EN INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA; TÉCNICO/A EN EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS, OU GRADO OU DIPLOMADO/A EN TURISMO OU EQUIVALENTE HOMOLOGADO** polo sistema de concurso oposición, á xornada completa a xornada completa para os anos 2017, 2018 e 2019. Coa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, iníciase o prazo de oito días naturais, contados a partir do seguinte o da publicación para a presentación das solicitudes de participación no mesmo.

As persoas interesadas poderán consultar as bases do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da Mancomunidad (sede no concello de Portomarin) e na páxina web **www.concellodeportomarin.es**

As bases integras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do concello de Portomarin e na súa páxina web **www.concellodeportomarin.es**

Portomarin, a 26 de setembro de 2017.- O Presidente, Juan Carlos Serrano López

R. 2930

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 10 MADRID

Anuncio

CEDULA DE NOTIFICACION

D./Dña. ANA BELEN REQUENA NAVARRO LETRADO/A DE LA ADMÓN. DE JUSTICIA DEL Juzgado de lo Social nº 10 de Madrid, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 84/2017 de este juzgado de lo Social, seguido a instancia de D./Dña. GABINO PEREZ CARABALLO frente a LUKOMSER SL sobre Ejecución de títulos judiciales se ha dictado resolución , cuya parte dispositiva dice así:

DECRETO Nº 567/2017

En Madrid, a veinticuatro de julio de dos mil diecisiete.

PARTE DISPOSITIVA

A los efectos de las presentes actuaciones; y para el pago de 3.840,14 EUROS de principal, se declara la INSOLVENCIA PROVISIONAL total del ejecutado LUKOMSER SL, sin perjuicio de que pudieran encontrarse nuevos bienes que permitieran hacer efectiva la deuda aún pendiente de pago.

Una vez firme la presente resolución hágase constar en el Registro Mercantil, la declaración de insolvencia del deudor (artículo 276.5 de la LJS). Asimismo, hágase entrega de certificación a la parte ejecutante a fin de iniciar el correspondiente expediente ante el FONDO DE GARANTIA SALARIAL.

Y verificado lo anterior, archívense las presentes actuaciones.

MODO DE IMPUGNACION: Contra el presente decreto cabe recurso directo de **revisión**, en el plazo de TRES DIAS desde su notificación, debiendo el recurrente que no sea trabajador o beneficiario de la Seguridad Social, ingresar la cantidad de 25 Euros, dicho depósito habrá de realizarse mediante el ingreso de su importe en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones de este Juzgado en la entidad BANCO DE SANTANDER IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 número 2508-0000-64-0084-17.

Así lo acuerdo y firmo. Doy fe.

El/ LA LETRADO/A DE LA ADMÓN. DE JUSTICIA.- D./Dña. ANA BELEN REQUENA NAVARRO

R. 2931

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES - BDNS (CERVO)

Anuncio

Extracto del decreto de alcaldía por el que se aprueba la modificación de las bases reguladoras para la convocatoria de ayudas para el transporte escolar de alumnas/os del Ayuntamiento de Cervo que cursan estudios fuera del término municipal para el curso 2016/2017, por el procedimiento de concurrencia competitiva.

BDNS(Identif.):363112

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica la modificación del extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

La cuantía de las ayudas para transporte escolar pasará de 200€ a 250€, por lo que la cuantía de la ayuda quedará fijada de acuerdo al siguiente baremo:

Renta per cápita familiar		Cuantía de la ayuda
Igual o inferior al 150% del IPREM	Hasta 9.681,05€ anuales	250€

Ampliar el plazo de presentación de solicitudes veinte días desde la publicación de la modificación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Cervo, 5 de octubre de 2017.- El alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 2994

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES - BDNS (LUGO)

Anuncio

SUBVENCIONES PARA AS ASOCIACIONES CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA E PARA MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIONES DAS INFRAESTRUCTURAS

BDNS(Identif.):364578

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA AS ASOCIACIONES CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA) E PARA MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIONES DAS INFRAESTRUCTURAS, NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES-EXERCICIO ECONÓMICO 2017.

BDNS (Identif.): 364578

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións para as asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura e para mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo as mesmas, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro : Obxecto

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua ás asociacións culturais e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2017, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, así como para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo os ditos programas e actividades.

Segundo: Personas Beneficiarias

As subvencións se dirixen a asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo. Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro do termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades culturais que beneficien as veciñas e veciños de Lugo. Este punto acreditarase a través dunha memoria que se achegue para os efectos.

b) Segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social. No momento da solicitude da subvención, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no Anexo IV destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das certificacións ás que se refire o párrafo f) do artigo 10 destas bases.

d) Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de animación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2017.

i) Non solicitar subvención por un importe superior ao 95 % do custo total da acción para a que solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 5 % restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

l) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

m) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Terceiro.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta Convocatoria, aprobadas o 20 de setembro de 2017, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, atópanse publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 226 de 30 de setembro de 2017.

Cuarto.- Importe

No orzamento municipal para o exercicio de 2017 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo o cadro que a continuación se indica:

Servizo	Partida orzamentaria	Importe
Cultura	33000.48900	14.899,99 €

A cantidade para outorgar a cada entidade non poderá superar individualmente os 3.000 €, con base nos criterios de valoración previstos nas bases aprobadas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación necesaria (contida nas bases aprobadas por acordo da XGL do 20 de setembro de 2017), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de QUINCE DIAS NATURAIS, contado dende o seguinte ó da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións [artigo 17.3.b), 18 e 20.8] en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

- Poderán, excepcionalmente, admitirse fóra de prazo solicitudes que, por circunstancias novas ou imprevistas e que a xuízo do órgano competente, non se puidesen presentar dentro deste. Estas tramitaranse de acordo con estas bases, agás no referente ao cumprimento do prazo, e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Lugo, 2 de outubro de 2017.- A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA, Carmen Basadre Vázquez

R. 2995

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES - BDNS (MONFORTE DE LEMOS)

Anuncio

BASES QUE REGIRÁN LA CONVOCATORIA EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE AYUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUALES EN EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS PARA LA TEMPORADA 2016-2017

BDNS(Identif.):364679

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la BDNS.

Primero. Beneficiarios:

Podrán beneficiarse de esta convocatoria los/las deportistas que cumplan los siguientes requisitos:

1. Que estén empadronados/as en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos dentro del plazo de presentación de solicitudes y, como mínimo, desde el año 2016.

2. Estar federados en alguna de las federaciones deportivas gallegas o españolas en el período para el que se solicita la ayuda, es decir, entre el 1 de octubre de 2016 y el 30 de septiembre de 2017, y que como mínimo participaran en el Campeonato de España, Campeonato de Europa o Campeonato del Mundo propio de la modalidad deportiva.

3. Tener participado, como mínimo, en tres pruebas o campeonatos de carácter oficial, de los cuales uno de ellos tiene que ser el Campeonato de España, Campeonato de Europa o Campeonato del Mundo propio de la modalidad deportiva.

4. Estar al corriente de las obligaciones tributarias con la Hacienda estatal y autonómica, así como estar al corriente de las obligaciones con la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Monforte.

5. Que no se encuentren incursos en ninguno de los supuesto de incapacidad o incompatibilidad para la percepción de ayudas o subvenciones públicas y no estar incursos/as en alguna de las prohibiciones para percibir subvenciones recogidas en la ley.

Segundo. Objeto:

El objeto de las presentes bases es regular el procedimiento mediante concurrencia competitiva, de ayudas económicas a deportistas individuales del Ayuntamiento de Monforte de Lemos que, como mínimo, tengan participado en el Campeonato de España propio de la modalidad deportiva durante el período objeto de la presente convocatoria.

Tercero. Bases reguladoras:

Las bases reguladoras se publican en la página web del Concello de Monforte y en la BDNS.

Cuarto. Cuantía:

5.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde el día siguiente a la publicación de las bases de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

MONFORTE DE LEMOS, 3 de octubre de 2017.- EL ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA

R. 2996

Anuncio

BASES QUE REGIRÁN LA CONVOCATORIA EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE AYUDAS A LA CREACIÓN DE EMPRESAS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS 2017

BDNS(Identif.):364703

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la BDNS.

Primero. Beneficiarios:

Podrán acogerse a estas ayudas los/as empresarios/as individuales y las pequeñas y medianas empresas (PYME), independientemente de su forma jurídica, que iniciasen su actividad empresarial entre el 1 de noviembre de 2016 y el 31 de octubre de 2017.

Segundo. Objeto:

La presente disposición ten por objeto fijar las bases reguladoras y convocar la concesión, para el año 2017 del PROGRAMA DE FOMENTO DE LA INICIATIVA EMPRESARIAL EN EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, con la finalidad de colaborar de una forma activa en la generación de empleo en el municipio apoyando la puesta en marcha de nuevos proyectos empresariales.

Tercero. Bases reguladoras:

Las bases reguladoras se publican en la página web del Concello de Monforte y en la BDNS.

Cuarto. Cuantía:

25.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente a la publicación de las bases de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 10 de noviembre de 2017.

MONFORTE DE LEMOS, 3 de octubre de 2017.- EL ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA

R. 2997
